



**CARLOS  
NEGRO**

Carlos Negro (Lalín, 1970) é docente e escritor; da súa autoría son obras como Far-West (2001), Makinaria (2009), Penúltimas tendencias ( Premio da AELG á mellor obra de literatura infantil e xuvenil do ano 2014 ) ou Masculino singular (2016); iniciouse no xénero poético con as laranxas de alí babá (1998). Recibiu tamén o premio Johán Carballeira polo poemario Héleris (2003), o Vitoriano Taibo por Cultivos transxénicos (2008) e o Fiz Vergara Vilariño por Tundra (2017) . Ensaiou o xénero satírico no dicionario Abelcebú (2010) , de carácter burlesco; tamén no 2017, formou parte do proxecto colectivo Os aforismos do riso futurista , publicado por Xerais.

Nos últimos anos vén desempeñando un continuo labor de achegamento da poesía ao público xuvenil, a través de recitais e obradoiros en institutos de toda Galicia; visita con frecuencia os clubs de lectura escolares, establecendo un diálogo sen prexuízos con respecto á poesía, entendida como un xénero aberto, imaxinativo e ao alcance de públicos non especializados na lectura académica. Así mesmo, en colaboración coa AELG e diversos concellos do país, ten impartido obradoiros de creación literaria para adultos. As súas experiencias didácticas neste eido recóllense no ensaio Ler poesía tampouco é para tanto , publicado en Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas (Apiario, 2015).

**“A poesía é un animal escondido”**

Isto non pretende ser unha conferencia. Tampouco unha teoría. Só pode ser un caderno de notas sobre a experiencia de ir repartindo versos polos institutos como que ofrece auga a quen ignora a sede. Isto non quere ser un tratado científico, nin un discurso para os arquivos das academias. Isto vai ser outra cousa.

Isto vai ser unha viaxe emocional entre a experiencia e a memoria, coa intuición como vehículo de transporte. Vai ser como poñer os dedos diante dun enchufe chamado poema. Vai ser susto e sorpresa, un calcetín do revés, unha revista de moda, un coche que derrapa a cen por hora, unha película en tres dimensións, pero sen máis efectos especiais que o entusiasmo e o gusto polo xogo (cousas que tomamos moi en serio).

Isto vai ser como atopar o animal escondido que todas e todos levamos dentro.

**QUEN É QUEN?  
XI ENCONTRO DE  
CLUBS DE LECTURA  
XUÑO 2018**

**MESA TEMÁTICA: ESTRATEXIAS PARA A SELECCIÓN DE LECTURAS**

**Mercedes Teijeiro Gato**

Profesora de inglés e reponsable da biblioteca escolar e club de lectura na Escola Oficial de Idiomas de Lugo.

**Pilar Berrio Martín-Retortillo.** Responsable do club de lectura do IES Sofía Casanova.

**Julio Abalde García.** Coordinador de clubs de lectura con ampla experiencia

**Ler para pertencer. Eses xoves que aínda len na actualidade**

A entrada no século XXI arrastrou consigo unha serie de cambios que afectaron ao xeito de lectura dos xoves na actualidade. Ou eso soemos crer. Na charla, visitaremos varios dos paradigmas arredor da literatura para xoves nos últimos anos. Analizaremos o fenómeno BookTubers, redes sociais, Young Adult, e incluso visitaremos outros espazos de lectura como a música e as series de televisión. Desta forma enlazaremos o concepto de crítica literaria, cada vez máis efémero en canto á literatura xuvenil, co libro como parte dun produto do mercado. A idea é entender cómo se poden seguir elaborando espazos de diálogo cos adolescentes a partir da literatura, respectando a sensación de pertenza que lles dan os libros.



**FREDDYGONCALVES**

Promotor da lectura, libreiro, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil. Coordinador do Comité de Selección de Libros e cinco veces xurado dos Mellores “Libros para Niños y Jóvenes”. Creador da iniciativa do “comité de jóvenes lectores: Librogénitos”. Profesor da Universidad Autónoma de Barcelona no Máster de Libros y Literatura Infantil y Juvenil; docente na Escuela de Escritores de Colombia na área de Literatura Juvenil. Elaborou diversos obradoiros e cursos de formación para profesionais, mediadores, bibliotecarios, profesores e xoves que se relacionan coa lectura e a cultura xuvenil. Actualmente comparte o labor de libreiro no equipo de El Bosque de la Maga Golibrí coa de ser monitor nos clubs de lectura nas Bibliotecas Municipais de Gijón, onde leva a cabo o labor de conversar arredor dos libros, pero tamén ampliar as súas experiencias coa ficción levando a cabo salas de escapes ou aventuras relacionadas coa literatura.

**Bibliotecas  
escolares**  
de Galicia



## OBRADOIROS, TEMÁTICAS, ACTIVIDADES, INQUEDANZAS E PROPOSTAS

**"Banda deseñada, unha visión desde a librería especializada e desde o ámbito bibliotecario"**

**Xosé Barreiro.** Librería Kómic. Compostela  
**Cano Paz.** Librería Paz. Pontevedra  
**Sira González.** Bibliotecas públicas de A Coruña

**"Poemas que se escriben con A"**  
**Carlos Negro**

Obradoiro poético para abrir, atraer, andar a través da palabra que se escribe desde o A, a través do A e polo A.  
A de apertura. A de aventura. A de travesura.  
A de poñer o poema patas arriba.  
A de non deixar as cousas como estaban.  
A de aprender, nas dúas acepcións do dicionario e nas mil que existen fóra del.  
A de abrir a boca para que ver se temos un poema atravesado na gorxa. A de atreverse cos versos fóra de libros de textos e de horarios.  
A, definitivamente Así.

**(Re)pensar o canon dende als encrucillads)**

Logo dunha breve reflexión crítica sobre a viabilidade do concepto de canon aplicado á lectura xuvenil procederase a realizar unha proposta de textos que se suxiren como de potencial interese para a mocidade. A selección buscará fuxir do convencional, rescatando e comentando obras pouco coñecidas polo lectorado estudantil, e tentará en última instancia animar a explorar vías alternativas polas que achegar a lectura en galego a públicos diversos.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



**"Club de lectura en contextos de diversidade. Biblioteca inclusiva"**

**Clubs de lectura de cultura xitana.** Xulia Regueiro. IES Urbano Lugrís (A Coruña)

**Club de lectura fácil.** Isabel Meda. CEE de Vilagarcía (Vilagarcía de Arousa)


**Club de lectura e inclusión.** José María Coucheiro. IES Leiras Pulpeiro (Lugo)

**TALLER: PROYECTO EVA**  
**Freddy Gonçalves**

Que pasaría se o mundo rematase?, estamos preparados para elo?, e se fosemos escollidos para deter a catástrofe?, serían quen de reconstruír o mundo de novo? En Proyecto Eva, os participantes non construírán textos literarios, nin obxectos que representan a experiencia lectora; eles deben inaugurar unha sociedade ideal. Xuntos (ou non) deberán mergullarse na ficción e, a partires dun debate constante, ir superando as probas para sobrevivir a unha distopía.

**Lectura expresiva, recursos para unha lectura viva.**  
**Anxo M. Lamelo (Actor, director, dramaturgo e formador)**

A través deste obradoiro proporcionaremos recursos para axudar a mellorar as capacidades expresivas e de lectura dos participantes nos clubs de lectura. Trataremos de aportar ferramentas para converter as sesións do clube de lectura nun momento lúdico, de expresión, xogo, desinhibición e lugar de intercambio de sensacións e sentimentos. Traballar sobre os textos, a través de nós mesmos e dos demais. Dotalos de vida e xogar con eles para profundizar no que nos contan e nos fan sentir. Traballaremos: a Comprensión e estruturación da información. A palabra e a súa lectura. O ritmo. A mirada. A dicción e a entonación. A importancia da puntuación. O silencio. E incluso a exposición e a xestualidade porque podemos encher de vida aquilo que lemos e compartilo.



Profesora titular de literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en narrativa galega contemporánea, exerce habitualmente a crítica literaria en medios especializados e divulgativos. Membro do consello de redacción da revista Grial e directora do Anuario de estudos literarios galegos entre 2002 e 2007. Foi membro da Sección de Igualdade do Consello da cultura Galega, e na actualidade coordina a Sección de lingua, literatura e comunicación, ademais de pertencer ao Plenario e á Comisión Executiva desta institución.

**DOLORES VILAVEDRA**

**Clausura a xornada:**

**XURXO SOUTO**

